



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO ORDINARIO NÚM. 3 DO 23 DE FEBREIRO DE 2023

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

Da. María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

Da. María del Carmen González García (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

Da. María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

Da. María Xosé Alfonso Torres (Non adscrita)

D. José Manuel Quintela Fernández (Non adscrito)

Da. María Sambade Lloréns (Non adscrita)

Da. María Lago Lestón (BNG)

Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG)

SECRETARÍA XERAL

Da. Mónica Freire Dosil

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a señora alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

A. Parte dispositiva



Primeiro. Aprobación da acta anterior núm. 1 do pleno ordinario do 26 de xaneiro de 2023

A señora alcaldesa, Da. María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta anterior a núm. 1 do pleno ordinario do 26 de xaneiro de 2023 que se presenta para que o Pleno a aprobe, e non habendo observacións, apróbase a acta anterior núm. 1 do pleno ordinario do 26 de xaneiro de 2023 cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4), dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2).

Segundo. Moción presentada polo BNG sobre o impulso de medidas encamiñadas a blindar, garantir e defender os dereitos das mulleres así como promover a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza e aprobación da Declaración da FEMP con motivo do Día Internacional da Muller 8 de marzo

A señora alcaldesa sinala que a moción vén informada favorablemente pola comisión informativa e dá paso á Sra. Lago que deseguido le a seguinte moción:

“MOCIÓN SOBRE O IMPULSO DE MEDIDAS ENCAMIÑADAS A BLINDAR, GARANTIR E DEFENDER OS DEREITOS DAS MULLERES ASÍ COMO PROMOVER A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES EN GALIZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo é, desde hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Máis aínda, nos últimos anos, a forza do feminismo galego conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.

Avanzamos grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos. Mais sabemos tamén que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer.

Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes.

Neste senso, malia os dereitos conquistados nas últimas décadas –grazas á loita feminista– é preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

A desigualdade entre mulleres e homes é problema estrutural que esixe unha resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos conquistados, recoñecer a fortaleza do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente. Así mesmo, esta situación esixe tamén medidas concretas e específicas, deseñadas con perspectiva de xénero.

Para o Concello de Muros promover a igualdade entre homes e mulleres debe fomentar a mudanza de valores, rachando co modelo actual de socialización sexista, promovendo novas formas de ser mulleres e homes e avanzando nun modelo de relacións simétricas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- A Corporación do Concello de Muros mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

- A Corporación Municipal do Concello de Muros insta á Xunta de Galiza a:

1. *Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.*
2. *Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.*
3. *Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero.*
4. *Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a revitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.*
5. *Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social."*

A Sra. Lago di que se recortan dereitos das mulleres e sinala que non se debe renegar do que se leva conseguido.

A Sra. González sinala que na comisión informativa xa votaron a favor da moción.

A Sra. Alfonso di que en inda falta moito para conseguir a igualdade entre mulleres e homes e que é increíble a aparición de partidos políticos novos que cuestionan os dereitos da muller, polo que ela vai apoiar esta moción.

A señora alcaldesa di que algunha cuestión lles parece redundante pero que van apoiar esta moción.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos (3), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

SEGUNDO. Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.

TERCEIRO. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

CUARTO. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a revitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.

QUINTO. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social.

A señora alcaldesa sinala que na comisión informativa acordouse traer ao pleno a Declaración Institucional 8 de marzo, Día Internacional da Muller da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para votala coma declaración institucional.

A Sra. Maneiro le a seguinte declaración:

“Foron moitos os avances conseguidos, pero persisten as desigualdades, a discriminación e a violencia ás mulleres polo feito de selo, ante este feito non caben morneas e non é entendible ser neutrais.

O 8 de marzo foi proclamado o Día Internacional polos Dereitos da Muller pola Organización das Nacións Unidas en 1975. Desde entón, é un día de celebración polos avances que conseguimos ao longo da historia e de reivindicación polo que nos queda por alcanzar en materia de igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida.

É indubidable que España é referente en materia de igualdade, o noso marco normativo é exemplo para moitos países que nos recoñecen a firme defensa dos dereitos das mulleres situándonos á cabeza no Índice Europeo de Igualdade de Xénero.

Este ano convócanos a necesidade de afianzar todos os avances conseguidos deixando de lado o ruído que pretenden facer algúns sectores ao sentirse ameazados nos seus privilexios adquiridos na sociedade machista cuns valores onde o papel da muller en xeral e ao longo da historia foi ignorado e infravalorado.

Non debemos esquecer os colectivos vulnerables onde as mulleres se atopan en situacións de discriminación múltiple: por ser mulleres e por ter unha discapacidade, ser dunha raza ou etnia concreta, ter unha determinada idade ou vivir e traballar fóra das grandes cidades ou núcleos de poboación.

Neste sentido temos en conta ás mulleres do mundo rural e o seu papel fundamental no desenvolvemento de actuacións relacionadas coa loita contra o despoboamento e o reto demográfico.

No aspecto laboral, vendo os datos dos diferentes indicadores como traballo a tempo parcial, salarial, sectores produtivos, carreira profesional etc., as condicións de traballo das mulleres son peores que as dos homes, tendo pouca presenza en determinados sectores profesionais e en cargos de dirección empresarial.

Ata hai uns anos o pensamento xeneralizado era que a violencia contra as mulleres era consecuencia de actitudes individuais e do ámbito privado. Grazas aos avances conquistados e á maior visibilización e sensibilidade por parte da sociedade conseguiuase situala no centro das preocupacións, con categoría de problema social, coa obrigación de dar resposta inmediata desde os poderes públicos. As violencias de xénero constitúen a cara máis escura da desigualdade.

Dende o ámbito local debemos seguir co compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garanta os dereitos de todas as persoas, así como a participación activa na vida local.

Estes compromisos débense plasmar no deseño e xestión dunhas políticas locais que convertan ás nosas sociedades en motores de transformación. É por iso que os Gobernos locais reunidos na FEMP, convidamos a todas as Entidades Locais a adherirse a esta Declaración e propomos:

- *Intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar o emprego, o empoderamento e a educación para a igualdade de oportunidades.*



- *Incorporar a perspectiva de xénero en toda a actividade local e establecer unha coordinación adecuada entre as diversas áreas dos gobernos locais. Actualizar os sistemas e protocolos de actuación no desenvolvemento das políticas de igualdade en coordinación con todas as entidades implicadas.*
- *Expor sistemas de recompilación de datos desagregados para comprender e abordar as desigualdades de xénero para que, de a súa análise, poidamos ofrecer unha resposta apropiada e eficaz*
- *Ampliar o sistema de atención ás vítimas de todas as formas de violencia machista contra as mulleres no marco das nosas competencias, avanzando na mellora dos sistemas de detección temperá, situando no centro de todas as medidas os dereitos das vítimas e a súa empoderamento, e atendendo ao recoñecemento ao dereito de reparación das vítimas.*
- *Sumarnos e convidar a toda a Cidadanía a participar nos actos organizados con motivo do 8M, así como aquelas accións e iniciativas que reivindiquen a igualdade e contra a violencia contra as mulleres.”*

Non habendo intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos (3), adopta por unanimidade o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar o emprego, o empoderamento e a educación para a igualdade de oportunidades.

SEGUNDO. Incorporar a perspectiva de xénero en toda a actividade local e establecer unha coordinación adecuada entre as diversas áreas dos gobernos locais. Actualizar os sistemas e protocolos de actuación no desenvolvemento das políticas de igualdade en coordinación con todas as entidades implicadas.

TERCEIRO. Expor sistemas de recompilación de datos desagregados para comprender e abordar as desigualdades de xénero para que, de a súa análise, poidamos ofrecer unha resposta apropiada e eficaz

CUARTO. Ampliar o sistema de atención ás vítimas de todas as formas de violencia machista contra as mulleres no marco das nosas competencias, avanzando na mellora dos sistemas de detección temperá, situando no centro de todas as medidas os dereitos das vítimas e a súa empoderamento, e atendendo ao recoñecemento ao dereito de reparación das vítimas.

QUINTO. Sumarnos e convidar a toda a Cidadanía a participar nos actos organizados con motivo do 8M, así como aquelas accións e iniciativas que reivindiquen a igualdade e contra a violencia contra as mulleres.

Terceiro. Moción presentada polo BNG sobre actuacións en relación á autorización de vertido das minas de San Finx

A señora alcaldesa di que a moción presentada polo BNG vén ditaminada favorablemente pola comisión informativa e indica que traen unha emenda.

“MOCIÓN DE ACTUACIÓNS EN RELACIÓN Á AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DAS MINAS DE SAN FINX

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de febreiro de 2023, Augas de Galicia resolveu outorgar autorización de vertidos no procedemento DH.V15.54967 a Tungsten San Finx S.L., nun expediente iniciado en 2015, cheo de irregularidades, e que xa tiña sido resolvido por silencio administrativo negativo en 2018. Esta extemporánea autorización permitiría o vertido de mais de 600.000 m3/ano de augas residuais industriais acumuladas nas galerías da mina de San Finx (Lousame), que conteñen altísimas concentracións de cadmio, cobre e cinc, que serían bombeadas ao río San Fins, tributario do río Traba, co consecuente impacto sobre a nosa ría, os seus bancos de marisqueo e espazos en Rede Natura 2000. O tratamento que se lle esixe á empresa foi ineficaz para tratar as concentracións destes 3 metais pesados durante a proba piloto realizada pola empresa.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

As persoas responsables desta autorización (a Directora de Augas de Galicia, o Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico e a Xefa da Área de Vertidos), recoñecen na Resolución que a autorización se outorga non só para bombear as augas acumuladas nas galerías senón tamén para a fase de explotación, sabendo de que a mina carece de proxecto de explotación válido, por non terse sometido á preceptiva avaliación de impacto ambiental, así como por non someter a participación pública o seu plan de restauración, ambas as dúas condicións imprescindibles para a validez do título mineiro.

En 2009, a Xunta de Galicia esixiulle á concesionaria mineira a presentación dun proxecto de explotación e un estudo de impacto ambiental, o que nunca se cumpriu e, sen o cal, calquera aprobación do proxecto de autorización de vertido carece de validez e é por tanto nula de pleno dereito, conforme ao Artigo 9.1 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental. Aprobar un proxecto de achique de augas de mina en ausencia de proxecto de explotación e declaración de impacto ambiental, constitúe un flagrante fraude de lei por se tratar dun fraccionamento de proxectos.

As persoas responsables desta autorización teñen coñecemento fehaciente da tentativa de abandono dos pasivos ambientais da Mina de San Finx por parte do Grupo Sacyr, consumada en decembro de 2021. Diversas entidades demandaron en numerosas ocasións que a Xunta impuxese avais medioambientais para evitar un desenlace similar ao da Mina Monte Neme, non só en relación aos vertidos continuados de achiques de mina carentes de autorización que acontecen por gravidade a un ritmo de 45.000 litros/hora, senón tamén respecto das dúas presas de residuos mineiros no río San Fins que acumulan miles de toneladas de residuos e se encontran en abandono e pésimo estado de conservación.

Tamén lle foi requirido en diversas ocasións a Augas de Galicia que procedese a liquidar o canon de control de vertidos ilegais previsto na lexislación de augas, e que segundo os volumes de vertidos declarados pola empresa, ascendería a máis de 62 millóns de euros para o período 2012-2021 (máis de 6 millóns de euros por ano), sen que isto teña acontecido ata o momento.

Nestas circunstancias, compre lembrar que, mediante contrato celebrado en 27/12/2021 ante o Notario de Madrid D. Andrés Domínguez Nafria e que consta co número 7.431 do seu Protocolo, Valoriza Minería SL (grupo Sacyr) acordou transferir o 100% do capital de Tungsten San Finx S.L. (titular da mina de San Finx) á sociedade privada australiana Biscay Minerals Pty Limited (sociedade que carece de calquera experiencia ou proxectos mineiros en todo o planeta). Nos condicionantes da compravenda establécese que no caso de que non fose concedida a autorización de verteduras, Valoriza Minería S.L. (grupo Sacyr) asumiría o coste completo da rehabilitación do espazo natural afectado pola actividade mineira, reverténdose a compravenda. A autorización de vertidos outorgada o día 1 de febreiro de 2023, atendendo a todos os precedentes do expediente, só é comprensible como tentativa de eximir de responsabilidade á referida mercantil, ignorando os impactos que o inicio dos vertidos poderá ter sobre a ría e a comarca.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a que se recoñeza a nulidade de pleno dereito da autorización de vertidos outorgada por Augas de Galicia o 1 de febreiro de 2023 no procedemento DH.V15.54967.*
- Que esta Corporación presente recurso de alzada e solicitude de suspensión cautelar da resolución de 1 de febreiro de 2023, interpondo, no caso da súa desestimación, demanda na orde contencioso-administrativa, en coordinación coas accións legais que emprenda a Confraría de Pescadores de Noia.*
- Que esta Corporación se una como acusación particular ás dilixencias penais que se seguen en relación ás irregularidades administrativas na Mina de San Finx, designadamente as DPA 2296/2021 que se seguen no Xulgado de Instrución N.º 3 de Santiago e ao procedemento que se incoe contra os altos cargos e funcionarios de Augas de Galicia en relación coa tramitación da autorización de vertidos.*
- Instar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e á Directora de Augas de Galicia a*



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

que se proceda de inmediato ao cobro ao concesionario mineiro do canon de control de vertidos ilegais para os exercicios non prescritos (no mínimo desde 2017).

- Instar á Xunta de Galicia para que, en cumprimento da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental, obrigue á concesionaria a adoptar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais e que, no caso de omisión, retraso, resistencia ou obstrución, inicie subsidiariamente a execución destas medidas con cargo ao patrimonio de Tungsten San Finx S.L.. En particular, acordase instar á Xunta de Galicia a que proceda a revisar os avais medioambientais depositados polo concesionario mineiro e que ascenden a tan só 178.000 euros, requirindo contías suficientes para o tratamento das augas de mina a perpetuidade e a restauración das presas de residuos mineiros situadas no leito do río San Fins, e os danos actuais e potenciais ao dominio público hidráulico e á ría de Noia.

- Instar á Xunta para que inicie unha revisión de oficio do proxecto de explotación e plan de restauración da mina de San Finx aprobados en 2009, declarando a súa nulidade por ter prescindido na preceptiva avaliación de impacto ambiental e trámite de participación pública no caso do proxecto de restauración.

- Instar ao Presidente da Xunta e á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade a que cesen con carácter inmediato á Directora de Augas de Galicia e ao Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, e a que sexan apartados xunto coa Xefa da Área de Vertidos da tramitación de calquera expediente administrativo que garde relación coa mina de San Finx, conforme ao art. 23 da Lei 40/2015, en canto non se proceda a deslindar as responsabilidades administrativas e/ou penais que se poidan derivar das súas conductas.

- Á vista dos indicios de prevaricación e malversación, acordase que esta Corporación destine os recursos necesarios para estudar accións penais e presentar querelas contra os responsables dos presuntos delitos de prevaricación e malversación.

- Remitir estes acordos ao Presidente da Xunta, ao Conselleiro de Medio Ambiente e Infraestruturas á Xunta de Galicia, á Dirección Xeral de Minas, e á Directora de Augas de Galicia.”

A Sra. Lago di que son partidarias de aceptar a modificación dos primeiros puntos pero se manteñen os puntos que eliminan e teñen dúbidas xa que non coñecen o posicionamento da Confraría de Muros.

A señora alcaldesa di que como veciñanza de Muros teñen que ter en conta os organismos de Muros e sinala que en todo momento falan da ría de Muros Noia e da Confraría de Muros porque evidentemente son os organismos que están presentes neste concello.

A Sra. Lago sinala que a Confraría de Noia si se manifestou publicamente e di que o que afecte a Noia, afecta ás mariscadoras de Muros.

A señora alcaldesa pide que se elimine os puntos sétimo e oitavo.

A Sra. Alfonso di que non ve ningún problema en que se fusionen as dúas propostas recollendo a Confraría de Muros e pregunta se os xefes son funcionarios.

A Sra. González di que non existe un informe de impacto ambiental e sinala que non fai falta pertencer a unha confraría para posicionarse xa que somos todos afectados e indica que a Confraría de Muros baila ao son da concelleira de Pesca, e en Muros viven moitas familias do mar polo que deben posicionarse e debe apoiar a moción e que se elimine o punto terceiro e o oitavo á espera de resolución xudicial.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4), do grupo municipal popular (4), do grupo municipal do BNG (2) e dos concelleiros non adscritos (3), adopta por unanimidade o seguinte acordo:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

PRIMEIRO. O Concello de Muros oponse a calquera vertedura de augas non depuradas na ría de Muros-Noia, manifestando a súa total oposición á autorización no procedemento sinalado e que calquera nova autorización se someta a avaliación ambiental conforme á Lei 26/2007, instando á Xunta de Galicia a que se recoñeza a súa nulidade de pleno dereito.

SEGUNDO. O Concello de Muros apoia e defende ao sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Muros-Noia, sinaladamente os intereses representados na Confraría de Pescadores de Muros.

TERCEIRO. O Concello de Muros solicitará dos servizos xurídicos informe sobre a viabilidade de presentar recurso de alzada e/ou recurso contencioso-administrativo contra dito acordo.

CUARTO. O Concello de Muros apoia ás actuacións acordadas ou que se acorden pola Confraría de Pescadores de Muros ao respecto do procedemento indicado, coordinándose coa mesma para o emprendemento das accións que procedan.

QUINTO. Que o Concello de Muros se una como acusación particular ás dilixencias penais que se seguen en relación ás irregularidades administrativas na mina de San Finx, designadamente as DPA 2296/2021 que se seguen no Xulgado de Instrución nº 3 de Santiago e ao procedemento que se incoe contra os altos cargos e funcionaria de Augas de Galicia en relación coa tramitación da autorización de vertidos, de continuar o procedemento.

SEXTO. O Concello de Muros insta á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e á Dirección de Augas de Galicia a que se proceda de inmediato ao cobro ao concesionario das Minas de San Finx do canon de control de vertedura para os exercicios non prescritos.

SÉTIMO. O Concello de Muros insta á Xunta de Galicia para que, en cumprimento da Lei 26/2007 de 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental, obrigue á concesionaria a adoptar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais e que, no caso de omisión, retraso, resistencia ou obstrución, inicie subsidiariamente a execución destas medidas con cargo ao patrimonio de Tungsten San Finx, SL. En particular, acórdase instar á Xunta de Galicia a que proceda a revisar os avais medioambientais depositados polo concesionario mineiro e que ascenden a tan só 178.000 euros, requirindo contías suficientes para o tratamento das augas da mina a perpetuidade e a restauración das presas de residuos mineiros situadas no leito do río San Finx, e os danos actuais e potenciais ao dominio público hidráulico e a ría de Muros-Noia.

OITAVO. Instar á Xunta de Galicia para que inicie unha revisión de oficio do proxecto de explotación e plan de restauración da mina de San Finx aprobados en 2009, declarando se procede a súa nulidade por ter prescindido da avaliación de impacto ambiental e trámite de participación pública no caso do proxecto de restauración. En todo caso solicitamos a actualización dos mesmos conforme á normativa actual, dado o tempo transcorrido.

NOVENO. Instar ao Presidente da Xunta e á conselleira de Infraestruturas e Mobilidade a que cesen con carácter inmediato a directora de Augas de Galicia e ao subdirector xeral de Xestión do dominio público hidráulico, e a que sexa apartados, xunto coa xefa da area de vertidos, da tramitación de calquera expediente administrativos que garde relación coa mina de San Finx, conforme ao art. 23 da Lei 40/2015, en canto non se proceda a deslindar as responsabilidades administrativas e/ou penais que se poidan derivar das súas condutas.

DÉCIMO. Remitir estes acordos ao Presidente da Xunta de Galicia, á Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, á Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e ao Conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

B. Mocións de urxencia

Cuarto. Moción presentada polo BNG



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. Lago di que urxencia vén motivada porque sucedeu nesta semana a expulsión dunha eurodiputada dun estado e é extremadamente grave.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4) e dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2), e cos votos en contra do grupo municipal popular (4), queda aproba a urxencia da proposta.

A proposta é do seguinte literal:

“O Pleno do Concello de Muros que se vén manifestado en prol da paz e dos dereitos humanos a nivel global en concreto tamén solidarizándose coa situación de violencia e vulneración dos Dereitos en Palestina manifesta:

PRIMEIRO. O rexeitamento á deportación por parte de goberno de Israel dunha representante de Unión Europea dentro da delegación de parlamento europeo que se dirixía esta terza feira a Palestina, a eurodiputada do BNG, Ana Miranda, entre a pasaxe foi expulsada pola autoridades de Israel, nesta ocasión viaxaba como representante das institucións comunitarias nomeadamente a Eurocámara e contaba con autorización expresa tanto da Unión Europea como de propio Ministerio de exteriores israelí, no marco desta visita programaron diferentes xuntanzas diplomáticas e encontros sociais e políticos en relación ás políticas de reasentamento e demolición que está efectuando o goberno israelí e que foron denunciadas en distintas resolucións ou parlamento europeo e da ONU.

SEGUNDO. Queremos instar os parlamentos español e europeo a que se expresen de xeito contundente ante esta actitude belixerante contra os representantes lexítimos de Unión Europea que exercen o seu papel político e que de maneira firme contundente condenen estes fetos gravísimos e impropios de calquera país democrático.”

A Sra. Lago sinala que a compañeira Miranda foi expulsada de territorio israelí cando formaba parte dunha viaxe oficial da Eurocámara, de sobra é coñecido que se manifestou moitas veces a favor dos dereitos do pobo palestino e este motivo foi o que fixo que as autoridades israelís a deportasen, cando contaba con todas as autorizacións e se o pobo israelí se chama democrático deben aceptar as diferenzas de opinión do resto das sensibilidades, non se trata aquí dunha declaración institucional a favor de causa Palestina, senón da actitude de que ten un estado cara a un representante político lexítimamente electo e parécelles que é tremendamente grave o que pasou e esta corporación débese manifestar sobre este feito.

A Sra. González sinala que non lles parece o foro adecuado, o pleno da corporación de Muros pero non van de deixar de apoiar esta declaración institucional e non van entrar no problema que existe entre Israel e Palestina, si deben defender que un representante lexítimo non sexa maltratado.

A Sra. Alfonso di que esta actitude cunha representante dunha institución europea require unha resposta contundente por parte das institucións democráticas e o Concello de Muros é coma outra calquera e é importante facer chegar o noso desacordo ante estas situacións contra representantes democráticos autorizados.

A Sra. Sambade indica que é unha vulneración flagrante dos dereitos dunha eurodiputada e que está totalmente a favor do pouco que se poida facer dende o concello.

A señora alcaldesa di que lamentan que estas consideracións non as tiveran á hora de aprobar a moción anterior porque estaban a falar tamén de representantes políticos e funcionarios que están a facer o seu traballo e en calquera caso non lles parece de recibo que unha europarlamentaria que vai con todas as bendicións do organismo que representa se lle impida acceder a ese país e sinala que se van abster.

A Sra. Lago pregunta á señora secretaria se a poden presentar coma moción ao que lle responde que si, e indica que lle dá moita pena que o partido popular non a apoie.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. González di que van a votar a favor sexa declaración institucional sexa moción, posto que cren que os dereitos dos representantes lexítimos do pobo hai que defendelos.

A Sra. Alfonso di que é increíble que voten en contra dunha representante lexítima dunha institución europea porque nunha moción anterior se aprobaron dous puntos que non teñen nada que ver con este tema.

A Sra. Sambade di que o outro era un delito medioambiental e as responsabilidade terán que asumilas en función do seu cargo e entende que votar en contra é lamentable.

A señora alcaldesa di que as consideracións hai que telas con todas as persoas e que non lle van votar en contra, non coma declaración institucional.

Rematadas as intervencións o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal socialista (4) e dos concelleiros non adscritos (3) e do grupo municipal do BNG (2), e coas abstencións do grupo municipal popular (4), queda aproba o seguinte acordo:

PRIMEIRO. O rexeitamento á deportación por parte de goberno de Israel dunha representante de Unión Europea dentro da delegación de parlamento europeo que dirixía esta terza feira a Palestina, a eurodiputada do BNG, Ana Miranda, entre a pasaxe foi expulsada pola autoridades de Israel, nesta ocasión viaxaba como representante das institucións comunitarias nomeadamente a Eurocámara e contaba con autorización expresa tanto de Unión Europea como de propio Ministerio de exteriores israelí, no marco desta visita programaron diferentes xuntanzas diplomáticas e encontros sociais e políticos en relación ás políticas de reasentamento e demolición que está efectuando o goberno israelí e que foron denunciadas en distintas resolucións ou parlamento europeo e da ONU.

SEGUNDO. Queremos instar os parlamentos español europeo a que se expresen de xeito contundente ante desta actitude de belixerante contra os representantes lexítimos de Unión Europea exercendo o seu papel político o que de maneira firme contundente condenen estes fetos gravísimos e impropios de calquera país democrático.

C. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno

Cuarto. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 1/2023 do 2 de xaneiro de 2023 ata o núm. 70/2023 do 31 de xaneiro de 2023, e das XGL núm. 1 de 10 de xaneiro de 2023 e da núm. 2 do 27 de xaneiro de 2023 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Quinto. Rogos e preguntas

A señora alcaldesa di que queda unha pregunta que quería a Sra. Lago concretar, o número de demandas de fixeza que estaban pendentes, e sinala que neste momento quedan pendentes 5 demandas de fixeza, a contía económica non é relevante neste caso, porque vai depender de se hai algún recoñecemento dalgunha antigüidade que sexa distinta que se está pagando, pero non son cantidades digamos relevantes, hai outros procedementos xudiciais por cousas inesperadas como unha factura que o señora Alfonso deixou sen pagar, do avogado que defendía ao concello na lexislatura pasada, por importe de dezaioito mil euros e que aparece de súpeto.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal PSOE:

A Sra. González di que quere que lles explique un pouco máis de que é esa minuta dese letrado, de que procedemento é, ao que a señora alcaldesa contesta que é dun procedemento dun recurso contencioso administrativo contra unha resolución de reintegro de subvención de reintegro.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. González di que entre a documentación que lles achegaron hai un decreto onde hai un expediente sancionador de Augas de Galicia por unha vertedura que sancionan con quince mil euros e sinala que no último pleno preguntou como estaba o tema das verteduras e as multas, e dixo a señora alcaldesa que non tiñan multas, e a señora alcaldesa responde que é o pagamento dunha sanción que estiveron recorrendo e alegando e inicialmente eran trinta mil euros e a base de alegacións e de recursos foron conseguindo que estimasen algunha.

A Sra. González tamén di do que hai un reparo suspensivo que lles chamou unha pouco a atención dun tal Miguel Paz Rubí que di que ese contrato fíxose omitindo a fiscalización de Intervención, que hai contratos encadeados e asignación de produtividade de horas extras nun decreto do 30/12/2022 e parécelles moi sorprendente, e a señora alcaldesa di que o ten que consultar.

A Sra. González di que viron na prensa que varios concellos están incluíndo policía locais, Muros non sae, e di que cando foi orzamento propuxeron a creación de prazas de policía locais e di na prensa que Muros vai incorporar un policía local, e pregunta onde se creou esa praza, e señor alcaldesa di que xa explicou en varias ocasións que tiña unha reserva de posto de traballo xa que tiña unha incapacidade revisable e que había que, durante dous anos, manter a praza á disposición de persoa e ese prazo rematou, entón esperan poder sacar esa praza e a da outra persoa que se vai a xubilar.

A Sra. González pregunta se non teñen pensado crear máis prazas de policía local, ao que a señora alcaldesa contesta que ata maio vai ser complicado.

A Sra. González pregunta se que hai luz pública na Virxe do Camiño, ao que a señora alcaldesa responde que xa hai.

A Sra. González di que seguen esperando pola reunión da rúa de arriba para a peonalización.

A Sra. González sinala que no verán polas festas de San Xoán houbo un bando que prohibía facer lume na praias, queimouse o Facundo na praia do *Castillo*, e pregunta se houbo un cambio da normativa ambiental, e a señora alcaldesa di que non son comparables.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:

A Sra. Lago di que arranxarían a luz na Virxe pero na Porteliña non hai luz, e señora alcaldesa di que alí salta con frecuencia un diferencial.

A Sra. Lago pregunta polo parque infantil de Tal, ao que a alcaldesa responde que están aproveitando que agora están en conversas polo tema de capela para preguntar por el.

A Sra. Lago pregunta se se avanzou algo na solicitude do paso de peóns no Alto do Caño na Abelleira, e a señora alcaldesa contesta que xa lle respondeu no pleno pasado que presentaron alegacións á contestación que lles deron e non recibiron resposta.

A Sra. Lago volve rogar unha vez máis que instálese un espello no cruce de Portugaete.

A Sra. Lago rogan tamén que se arranxen as fochancas na entrada da Insuela.

A Sra. Lago di que unhas obras que se están a realizar no lugar de Baño queda un anaco de camiño sen arranxar, o que vai por detrás de Margarita, no que quedou o firme desfeito porque houbo e rogan que se arranxe.

A Sra. Lago pregunta se se está a traballar na elaboración de RPT, ao que a señora alcaldesa contesta que si.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

A Sra. Lago pregunta en que parte do proceso están e se se vai presentar antes de que remata legislatura, e a señora alcaldesa di que esperan presentar o borrador.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Alfonso:

A Sra. Alfonso pregunta se ten constancia de que andan cans soltos por Esteiro que matan unha chea de gatos, e a señora alcaldesa responde que non pero que mirarán.

Rogos e preguntas formuladas nesta sesión pola Sra. Sambade:

Pregunta polos contedores que se sacaron detrás do mercado, se volverán a colocalos, e a señora alcaldesa contesta que o problema non eran os contedores, senón o abandono de aparellos e sinala que o mirarán.

E sen máis asuntos que tratar, a señora alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos, e de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria

Documento asinado electronicamente.